

## COMISIÓN DE MODIFICACIÓN DA MEMORIA DO GRAO EN QUÍMICA - CURSO 2017/2018

### RESUMO DA REUNIÓN DO 01/12/2017

1. O decano informou da substitución do profesor Lorenzo Alonso Gómez pola profesora Emilia Tojo Suárez como representante do departamento de Química Orgánica. A comisión aceptou por asentimento esta substitución, que farase efectiva a partires da próxima reunión.
2. Revisouse o resumo da reunión do 24/11/2017 e a comisión deu o visto bo para a súa publicación da páxina web da Facultade.
3. Seguiuse debatendo a proposta para o primeiro curso do Grao que se tratou na reunión anterior. Esbozáronse varias alternativas para a presencialidade das materias Laboratorio, Física, Bioloxía e Xeoloxía, pero non se acadou un acordo sobre ningunha delas, polo que continuarase traballando na proposta inicial. Acordouse que, unha vez establecida a estrutura xeral de todos os cursos do grao, voltaríase a considerar as materias do primeiro curso para, de ser necesario, reaxustar as súas presencialidades.
4. De acordo co anterior, na vindeira reunión da comisión comezarase a traballar na revisión dos contidos das materias de primeiro curso do Grao.
5. Por último estableceuse que a vindeira reunión terá lugar o venres 15 de decembro.

Ignacio Pérez Juste